



ACTA Nº 1 DA COMISIÓN DE VALORACIÓN

Reunión para a valoración da documentación da oferta presentada e proposta de adxudicación

Resolución do 29 de decembro de 2022 pola que se publica a convocatoria, mediante procedemento de asignación de concerto social, da execución do Programa de avaliación e tratamento terapéutico de menores en situación de risco ou desamparo, cofinanciado polo Fondo Social Europeo Plus no marco do Programa FSE+ Galicia 2021-2027 (código de procedemento BS213F). O orzamento estimado 2023 (10 meses)-2026 é de 1.866.275,82 €.

En Santiago de Compostela, o 27 de febreiro 2023 ás 13:30 horas, reúnen os membros da Comisión de Valoración establecida na cláusula P) da resolución sinalada no encabezamento e formada polas persoas que se sinalan:

Presidenta

- Cristina Blanco Aragón, (Subdirectora Xeral de Política Familiar, Infancia e Adolescencia)

Vogais

- Jorge González Fernández (xefe do Servizo de Protección de Menores da Consellería de Política Social e Xuventude)
- M^a Belén Rodríguez Martínez, (Psicóloga do Servizo de Protección de Menores)
- Raquel Enríquez Fernández, (Psicóloga do Servizo de Protección de Menores)

Secretario

- José Javier Bernárdez González (xefe de Sección de Contratación do Servizo de Protección de Menores)

Primeiro.- Con data 16 de xaneiro de 2023 publicouse no *Diario Oficial de Galicia* a resolución indicada no encabezamento.

Segundo.- O prazo de presentación de ofertas rematou o día 16 de febreiro de 2023.

A este concerto social presentouse unha única entidade:

ENTIDADE SOLICITANTE	DATA PRESENTACIÓN
FUNDACIÓN UNIVERSIDADE DA CORUÑA	13/02/2023 15:21

Terceiro.- A reunión ten por obxecto examinar, polos membros da Comisión, o informe elaborado polo persoal técnico da Consellería de Política Social e Xuventude e revisar a documentación presentada pola entidade participante no concerto social indicado no encabezamento referenciado co código de procedemento BS213F.



Cuarto.- Unha vez examinada a documentación presentada polo persoal do Servizo de Protección de Menores da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, conséntase que a entidade presentou a documentación requirida completa e correcta.

Quinto.- Na cláusula O) da resolución do concerto establécense uns criterios para a selección da entidade adxudicataria, coa finalidade de acadar unha valoración que sirva para establecer unha orde de prelación para concertar.

Consonte aos criterios de valoración reflectidos no texto da resolución, a Comisión de Valoración establece a seguinte puntuación para a entidade presentada ao concerto:

a) CALIDADE DO PROXECTO TÉCNICO (ata 40 puntos de acordo cos seguintes criterios).

a.1) Proxecto de intervención coas familias e nenos, nenas e adolescentes	Ata 35 puntos
- Descrición das necesidades e características das familias e menores, beneficiarias deste programa	3 puntos
- Definición da estrutura e fases da intervención - fases de derivación (incluírase un protocolo que describa a inclusión de persoas usuarias no programa), elaboración do plan de actuación, intervención, seguimento e finalización	6 puntos
- Descrición da rede de terapeutas que se porá a disposición do servizo, con especial referencia aos procedementos de coordinación entre os axentes que formen parte dela.	12 puntos
- Sustento teórico, estratexias e ferramentas a través das cales se articulará o programa.	4 puntos
- Modelos de coordinación cos equipos técnicos de menores das xefaturas territoriais e co resto de axentes sociais e entidades administrativas que interveñan no caso.	2 puntos
a.2) Calidade do sistema de avaliación dos resultados da intervención coas familias e nenos, nenas e adolescentes propostos (ata 5 puntos)	4 puntos

b) INSTALACIÓNS EN QUE SE LEVARÁ A CABO O SERVIZO: ata 10 puntos de acordo cos seguintes criterios:

b.1) Dimensións, distribución e grao de adecuación dos espazos, así como grao de adecuación dos equipamentos ás actividades que se vaian realizar, incluída a situación xeográfica (ata 5 puntos)	4 puntos
b.2) Grao de conservación, calidade e confortabilidade dos espazos e equipamentos, incluída a accesibilidade (ata 5 puntos).	4 puntos
Total a) e b)	39 puntos

c) Medidas de conciliación da vida persoal, familiar e laboral e corresponsabilidade: ata 10 puntos de acordo cos seguintes criterios:

c.1) Estar en posesión da Marca Galega de Excelencia en Igualdade, ou equivalente	0
--	---





c.2) Estar en posesión do Certificado de Empresa Familiarmente Responsable, ou equivalente	0
c.3) Estar en posesión do recoñecemento á promoción da parentalidade positiva, ou equivalente	0

d) Experiencia do persoal asignado ao proxecto, ata 15 puntos.	15
e) Formación do persoal asignado ao proxecto, ata 15 puntos.	15
f) Por cada ano de servizo acreditado pola entidade concertada no ámbito da protección á infancia e á adolescencia, ata 10 puntos.	10
Total apartados c), d), e) e f)	40

TOTAL puntuación de criterios	79
--------------------------------------	-----------

Sexto.- De acordo coa dita valoración elévase a proposta de adxudicación á conselleira de Política Social e Xuventude, segundo o disposto no artigos 15 e 16 do Decreto 229/2020, do 17 de decembro, polo que se desenvolve o réxime de concertos sociais no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, conforme á seguinte clasificación:

ENTIDADE PROPOSTA COMO ADXUDICATARIA

FUNDACIÓN UNIVERSIDADE DA CORUÑA

E non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 14:00 horas.

Santiago de Compostela, *(na data da sinatura dixital)*

O secretario da Comisión de Valoración
Jose Javier Bernárdez González

A presidenta da Comisión de Valoración
Cristina Blanco Aragón

